



## COMUNICADO OFICIAL

### **CANCELACIÓN**

#### **7º CIRCUÍTO CORRENDO POLA COSTA DA MORTE 2020**

Dende a organización do Circuito de Carreiras Correndo pola Costa da Morte, comunicámosvos a **cancelación da presente edición 2020** pola imposibilidade de celebrar as diferentes probas programadas dentro do mesmo (xa iniciado o pasado mes de marzo en Camariñas) pola crise sanitaria do COVID-19.

Esta decisión foi adoitada en base ás instrucións fixadas polo Ministerio de Sanidade para evitar a propagación do COVID-19, así como a celebración de eventos que supoñan a aglomeración dun elevado número de persoas.

Esperamos retomar o circuito para o vindeiro ano 2021, cando as autoridades pertinentes así o determinen.

Nos próximos días, dende a plataforma de inscrición, procederase á devolución automática de 31,50€ a todos/as os/as corredores/as de circuito 3k e 10k nas tarxetas de débito/crédito coas que fixo o pago (non é preciso solicitala).

Para calquera dúbida ou consulta dirixirse ao enderezo electrónico [consulta@championchipnorte.com](mailto:consulta@championchipnorte.com)

Con estas medidas a organización desexa sumar esforzos no obxectivo común de previr, na medida do posible, a expansión do virus salvagardando especialmente a saúde da poboación máis vulnerable.

Animámosvos a que sigades facendo exercicio físico dun xeito seguro e responsable, e agardamos contar coa vosa participación na vindeira edición.

Moito ánimo e ata pronto.